

Martes, 24 de maio de 2022

Núm. 98

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LALÍN

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APROBACIÓN INICIAL DEROGACIÓN DE ORDENANZA REGULADORA DE PRECIO PÚBLICO POR SUMINISTRO DE LIBROS E OUTRAS PUBLICACIÓN DESTINADAS A DIVULGACIÓN CULTURAL

ANUNCIO

O Pleno da Corporación do Concello de Lalín, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de abril de 2022, aprobou inicialmente expediente de derogación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de subministro de libros e outras publicacións destinadas a divulgación cultural polo Padroado Cultural de Lalín Expte 828/2022).

En cumprimento do disposto nos apartados 1 e 2 do artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, os citados acordos provisionais exporase ó público no taboleiro de anuncios do Concello, estando a disposición dos interesados o expediente elevado ó Pleno no departamento de Tesourería do Concello durante trinta días hábiles, durante os cales poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. O prazo de trinta días comezará a contar dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

No caso de que non se presentaran reclamacións no prazo indicado, de conformidade co apartado 3 do artigo 17 do RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, entenderanse definitivamente adoptados os acordos, sen necesidade de acordo plenario.

Lalín, 19 de maio de 2022.

A Concelleira delegada de Facenda

María Paz Pérez Asorey

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:CG5M72BUM48JW29K

